



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2018/22	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	4 de xuño de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:09 ata as 20:46 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	NON
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

## A) PARTE RESOLUTIVA

### Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 28 de maio de 2018

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 28 de maio de 2018.

### Expediente 2721/2018. Solicitud de sinalización

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[1][2][3] Vista a solicitude de XXX na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente en Rodeira, a Xunta de Goberno Local acorda denegar a referida solicitude, de conformidade co informe emitido en data 31.05.2018 pola Policía Local que di:

*"O lugar non se trata de entrada para un inmovible, tampouco se gardan vehículos, trátase dun camiño do cal se descoñece a súa titularidade, no que a priori semella un camiño de servidume. Por todo o exposto considérase que non procede a autorización de un sinal de pasaxe permanente".*

### Expediente 2684/2018. Solicitud de sinalización

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[4][5][6][7] Visto o escrito de xxx, no que solicita un sinal de pasaxe permanente e reservado de carga e descarga enfronte ao comercio sito en Longán, nº x Coiro.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude da Sra. xx, na que demanda sinal de pasaxe permanente e reserva de carga e descarga en Longán, nº x Coiro, de conformidade co informe emitido pola Policía Local en data 30.05.2018, que di:

*"No lugar se observa un portal de acceso a un garaxe no inmovible indicado. Mencionar que actualmente non ten acondicionado o acceso de vehículos no que se refire ao rebaixe de beirarrúa. De acondicionar o rebaixe da beirarrúa para poder acceder con vehículos ao interior do inmovible, non se observaría inconveniente en acceder ao solicitado.*

*Non procede a reserva dun espazo para a carga e descarga de mercadorías fronte ao local".*

Concello de Cangas



<b>Expediente 2688/2018. Solicitud de sinalización</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>[8][9][10] Vista a solicitude de XXX, na que solicita un sinal de pasaxe permanente para instalar no lugar de Reboredo, nº X Coiro.</p> <p>A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:</p> <p>PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. XX para instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de Reboredo nº X Coiro, de conformidade co informe emitido en data 31.05.2018 pola Policía Local.</p> <p>SEGUNDO.- Condicionar a presente autorización á obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</p>	

<b>Expediente 2687/2018. Solicitud de sinalización</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>[11][12][13] Vista a solicitude de XX, na que solicita autorización municipal para a instalación de un sinal de pasaxe permanente para a finca onde ten instalado o quiosco sito en Areacoba-Aldán.</p> <p>Examinado o informe emitido ao respecto en data 30.05.2018 pola Policía Local, que indica o seguinte:</p> <p><i>"Trátase da entrada para un terreo privado onde esta situado un quiosco de praia.</i></p> <p><i>Solicitan a sinalización no portal de entrada xa que as veces estacionan os vehículos diante e non poden acceder co seu vehículo a descargar a mercadoría dentro da súa propiedade.</i></p> <p><i>Non se observa inconveniente posto que xa existen outros terreos de características semellantes con pasaxe permanente concedidos".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe da Policía Local transcrito anteriormente, acorda o seguinte:</p> <p>PRIMEIRO.- Autorizar á Sra. XX a instalación de sinal de pasaxe permanente para a entrada da finca onde ten instalado o quiosco sito en Areacoba-Aldán.</p> <p>SEGUNDO.- Condiciónase o presente acordo unicamente á presentación da autorización municipal do quiosco de tempada de verán do ano que andamos, no departamento de Tesourería Municipal no momento de retirada do sinal.</p>	



**Expediente 2711/2018. Solicitud de sinalización**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

Vista a solicitude de XX na que demanda sinalización de reservado de vía pública no lugar de rúa Os Pinos, nºX no Espírito Santo-Coiro.

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, a solicitude da Sra.XX, para sinalización de reservado de vía pública no lugar de rúa Os Pinos, nºX -O Espírito Santo-Coiro.

**Expediente 2690/2018. Solicitud de sinalización**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[[14]][15][16] Vista a solicitude presentada por XX, na que demanda prazas de minusválidos para os pacientes en cadeiras de rodas que acuden a súa consulta de fisioterapia no XX.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude presentada pola Sra. XX, de conformidade co informe emitido en data 29.05.2018, no que se indica:

*"Que se fai constar que nas proximidades da rúa Antonio Nores nº 7 existen dúas prazas de estacionamento para persoas de mobilidade reducida situadas nos seguintes puntos:*

- 1 praza na confluencia da rúa Baiona con rúa Antonio Nores, a 42 metros do seu negocio.*
- 1 praza na Avda. Méndez Núñez con rúa San Francisco, a 92 metros do seu negocio".*

**Expediente 724/18. Solicitud de instalación de espello**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[[17]][18][19] Vista a solicitude realizada por XX, con DNI nºX, con rexistro de entrada nº 6163 de 28 de maio de 2018, na que se demanda a reposición dun espello en rúa A Serra de Nacente, nº X-Darbo.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a solicitude do Sr. XX, de conformidade co informe emitido en data 29.05.2018 pola Policía Local, que di o seguinte:

*"Que na tarde do día 29 de maio de 2018, comisionado o axente na dirección sinalada na folla de solicitude, compróbase que no lugar ao día da data, non existe instalado ningún espello.*

*Que frente aos colectores de recollida do lixo, existe o que parece ser un camiño privado de acceso do solicitante, desde o seu garaxe cara a vía pública.*

*Que vista a solicitude, non se conceden por parte do Concello de Cangas a colocación de espellos desde accesos de propiedades privadas a vía pública.*

*Que sería posible a concesión de permiso para instalación dun espello, con importe aboado*



*polos interesados, previa solicitude ao titular da vía pública, o Concello de Cangas".*

**Expediente 7738/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[20][21][22][23]EXPEDIENTE N° 7738/17.- Outorgar licenza a "FONPORT SL", con enderezo en rúa X, para no lugar de Florida, nº 26-Balea, ampliar o semisoto de vivenda unifamiliar nunha superficie de 40,53 m<sup>2</sup>., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto X, de data outubro de 2016 e desprazamento do cerramento (parcela de referencia catastral). O presuposto de execución material ascende a catorce mil cento trinta e cinco euros (14.135,00 €).

Formalizárase perante Catastro inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de data 26 de xaneiro de 2018 e a fianza depositada en Bankia para responder polas obras de urbanización que ascenden a catrocentos trinta e catro euros con vinte e sete céntimos (434,27 €).

**Expediente 2413/2018. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2.413/18.-

PRIMEIRO.- Conceder a XX, con enderezo en, licenza de obras para no referido lugar (referencia catastral), construír unha piscina e regularización de pendentos, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto X, de data maio de 2018. Deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a seis mil cento corenta euros (6.140,00 €).

SEGUNDO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como, por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.



**Expediente 6915/2017. Licenza urbanística**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

EXPEDIENTE Nº 6915/2017.- XX, con enderezo no XX, solicita licenza de obras para no lugar de Sobral-Piñeiro-Aldán, regulado pola ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia exterior (SNUA), construír unha vivenda unifamiliar de 143,15 m<sup>2</sup>., de planta baixa e 82,90 m<sup>2</sup>., de terrazas (referencia catastral 36008A033007510000JX), foi deixado sobre a mesa para mellor estudo, pendente de ampliación de documentación.

**Expediente 7148/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7148/2017.- A XX, titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na avenida X.

PRIMEIRO.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia con base no informe favorable da arquitecta da oficina de rehabilitación XX de data 15 de maio de 2018 do proxecto redactada pola arquitecta XX de outubro de 2017.

SEGUNDO.- Conceder, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, para en rúa Sol, nº 2 (referencia catastral), construír unha vivenda entre medianeira de 26,51 m<sup>2</sup>., de planta soto; 26,51 m<sup>2</sup>., de planta baixa; 14,37 m<sup>2</sup>., de planta altillo, 28,45 m<sup>2</sup>., de primeiro andar; 27,84 m<sup>2</sup>., de segundo andar e 20,91 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; de conformidade co proxecto redactado pola arquitecta X de outubro de 2017. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá a súa normativa de aplicación durante a execución de obras, deberá presentar proxecto de execución visado polo colexio oficial correspondente e cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e, unha vez rematadas as obras, deberá formalizar perante Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material ascende a oitenta e sete mil oitocentos euros (87.800,00 €).

**Expediente 7791/2017. Licenza urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

[24][25][26]EXPEDIENTE Nº 7791/2017.- A "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", con domicilio a efectos de notificacións en X, para na Avda. de Vigo, nº 44-esquina rúa Lisboa (expte. nºX), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 29,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data 16 de maio de 2018 e visto o informe favorable da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 7 de maio de 2018, coas seguintes condicións:

[27][28][29][30][31]As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.



Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

\* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

\* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten análizacions sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de tres mil trescentos oitenta e dous euros con dezasete céntimos (3.382,17 €), para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN SA", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

\*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

\*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

### Expediente 1969/2018. Licenza urbanística

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1969/18.- Outorgar a "PROMOCIONES PLAYA LANZADA 2012 SL", con enderezo na rúa X, licenza de obras para no lugar de Camiño da Madalena-Darbo (referencia catastral) regulado pola ordenanza 9, solo urbano de núcleo rural (URNU), construír tres vivendas unifamiliares adosadas de 111,60 m<sup>2</sup>., de semisoto; 88,45 m<sup>2</sup>., de planta baixa; 224,10 m<sup>2</sup>., de planta primeira; 230,80 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; 83,60 m<sup>2</sup>., de terrazas; 107,05 m<sup>2</sup>., de edificacións adxectivas dedicadas a garaxe; de conformidade co proxecto técnico básico elaborado polo arquitecto X de data maio de 2018. Antes do comezo das obras deberá presentar proxecto de execución visado, oficios de dirección e coordinador de seguridade e saúde, deberá cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a catrocentos oitenta e catro mil cento corenta e tres euros con oitenta e tres céntimos (484.143,83 €).

Acéptase a cesión gratuita de terreo de 44,94 m<sup>2</sup>., para regularización do vieiro efectuada no expte. nº 993/2018 e a fianza depositada para garantir as obras de urbanización por importe de oitocentos dezaioito euros con dezaioito céntimos (818,18 €) en ABANCA de data 28 de maio de 2018.



**Expediente 724/2018. Rectificación de erros no acordo de licenza de obras**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Detectado un erro na redación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local realizada en data 07.12.2006, relativo ao expediente nº 21.658.- licenza nº 20.996, no que se concede licenza para no Outeiro, nº 1, en solo de urbano, regulado pola ordenanza PEPRI, construír unha vivenda de 42,20 m<sup>2</sup>., de semisoto; outros tantos de planta baixa; 43,50 m<sup>2</sup>., de primeiro andar; e 16,65 m<sup>2</sup>., de terrazas; de conformidade co proxecto do arquitecto X, visado con data 22 de setembro de 2006, debe dicir: “42,20 m<sup>2</sup>., de semisoto; outros tantos de planta baixa; 43,50 m<sup>2</sup>., de primeiro andar; e 16,65 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta”.

Ao abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, proponho rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

*"EXPEDIENTE N° 21.658.- Outorgar a X, con enderezo na X, licenza para no Outeiro, nº 1-Cangas, en solo urbano, regulado polo PEPRI do casco antigo, construír unha vivenda unifamiliar de 42,20 m<sup>2</sup>., de semisoto; outros tantos de planta baixa; 43,50 m<sup>2</sup>., de primeiro andar; e 16,65 m<sup>2</sup>., de aproveitamento baixo cuberta; de conformidade co proxecto básico do arquitecto X, visado con data 22 de setembro de 2006 e a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade.*

*Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do PEPRI que di que: ‘...en todo o conxunto edificado do casco histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen co da carpintería. Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ao exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos. As galerías ou miradoiros so poderán levar ao interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios. Ademais unha vez rematadas as obras deberán deixar a rúa nas mesmas condicións existentes”.*

**Expediente 2310/2018. Licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2310/18.- EXPEDIENTE DE OBRAS N° 24.915.- LICENZA N° 24.134

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a X, con enderezo en X, para vivenda unifamiliar sita no lugar de Chamiceira-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.134 (referencia catastral) e tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 14 de maio de 2018, coa condición de que: “para o contrato de abastecemento da enerxía eléctrica deberá retirar o poste existente e executar a canalización de forma subterránea”, e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo





de data 28 de maio de 2018 sobre o procedemento a seguir.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

**Expediente 164/2018. Solicitud de certificado de acto presunto por solicitud de licenza de primeira ocupación**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[32][33][34][35][36]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de resolución emitida en data 07.05.2018 pola xefa de urbanismo, referente a solicitude de X de certificación de acto presunto en demanda de licenza de primeira ocupación de edificación en Camiño Fenteiras, nº X do Hío, que é como segue:

*"De conformidade co previsto no art. 172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, formulo a seguinte proposta de resolución á Xunta de Goberno Local:*

*EXPEDIENTE Nº 164/2018 (EXPEDIENTE Nº 22.350.- LICENZA Nº 22.250)*

*CERTIFICACIÓN DE ACTO PRESUNTO RELATIVA Á SOLICITUDE FORMULADA POR BENITO LAMARCA VÁZQUEZ CON RELACIÓN Á SOLICITUDE DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DA EDIFICACIÓN SITA EN CAMIÑO FENTEIRAS, Nº X-O HÍO*

*En data 12 de xullo de 2016, rexistro de entrada nº 9120, X, solicita licenza de primeira ocupación dunha vivenda sita en Fenteiras–O Hío (referencia catastral). Esta petición reitérouse mediante escritos presentados polo interesado en data 27 de marzo de 2017 (rexistro de entrada nº 3301), 7 de xullo de 2017 (rexistro de entrada nº 8.279) e 19 de xullo de 2017 (rexistro de entrada nº 8.666).*

*A licenza para a construción da vivenda autorizouse pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o 10.03.2010 (licenza nº 22.250).*

*En sesión de Xunta de Goberno Local de data 06.10.2014 deuse conta da comunicación previa presentada por X para construción de cerramento e garaxe no mesmo lugar (expediente nº 25.079).*

*Obran no expediente informes técnicos e xurídicos favorables á concesión da licenza de primeira ocupación solicitada de datas 24 e 25 de xaneiro de 2017, respectivamente.*

*En data 14 de setembro de 2017, rexistro de entrada nº 10.827, X solicita CERTIFICACIÓN DE ACTO PRESUNTO en senso estimatorio da licenza de primeira ocupación solicitada producido trala superación dos prazos legalmente dispostos para resolver a solicitude de primeira ocupación.*

*En cumprimento do disposto no artigo 24.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e a requirimento de X, certifícase que mediante solicitude presentada o 12 de xullo de 2016, rexistro de entrada nº 9120, por X no rexistro deste Concello iniciouse procedemento relativo á concesión da licenza de primeira*



ocupación.

*O artigo 351.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que o silencio administrativo terá carácter negativo respecto dos actos para os que así se estableza expresamente na lexislación básica estatal, que non é o das licenzas de primeira ocupación.*

*Tralo vencimento do prazo de dous meses previsto no artigo 42.3 da Lei 8/2012, de vivenda de Galicia, que é o prazo previsto legalmente para que o órgano competente adopte o acordo sobre a licenza de primeira ocupación peticiónada, xa que se trata dunha competencia delegada neste órgano mediante Resolución de Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 e visto que non se adoptou o dito acordo, de conformidade co disposto no artigo 24. 2 da citada Lei 39/2015, derívase que o silencio positivo opera nesta petición formulada por X, relativa á concesión da licenza de primeira ocupación de vivenda sita nas Fenteiras–O Hío (referencia catastral).*

*A estimación por silencio administrativo ten para todos os efectos a consideración de acto administrativo finalizado do procedemento que certifico".*

#### **Expediente 2183/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2183/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, para cubrición exterior de madeira e tella na edificación sita no lugar da estrada a Vilanova, nº X-O Hío (referencia catastral), nunha superficie de 19,00 m<sup>2</sup>., de conformidade coa documentación presentada de data 27 de abril, 10 e 18 de maio de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil douscentos sesenta e un euros (2.261,00 €).

Acéptase a cesión de 12,70 m<sup>2</sup>., para ampliación do vieiro municipal efectuada en acta de comparecencia de data 23 de maio de 2018.

#### **Expediente 2578/2018. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2578/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, titular do DNI Nº X, con enderezo a efectos de notificacións na X, para reparación de muros e substitución de portal en parcela sita en Erbello–A Madalena, nº X-Aldán (referencia catastral), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 21 de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos trinta euros (1.230,00 €).

#### **Expediente 2567/2018. Comunicación previa en materia urbanística**



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 2567/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, para obras de conservación e mantemento da edificación sita no lugar de rúa Pepe Simón, nº X-Balea-Darbo (referencia catastral), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico X de data maio de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a once mil seiscientos setenta e cinco euros con sesenta e oito céntimos (11.675,68 €).	

<b>Expediente 2516/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 2516/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, titular do DNI nºX, con enderezo a efectos de notificacións en X, para conservación de caseta/garaxe consistente na reparación e reposición de material de cubrición en cuberta mais enfoscado e pintado de fachadas, sita en X (referencia catastral), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta X de data 16 de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil setecentos corenta e tres euros con dez céntimos (1.743,10 €).	

<b>Expediente 2579/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 2579/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada pola X, titular do CIF X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa X, para reforma de rampla de acceso ao edificio sito no referido lugar (referencia catastral), de conformidade coa documentación técnica redactada polo arquitecto X, de data 21 de maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a trescentos cincuenta euros (350,00 €).	

<b>Expediente 2650/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE N° 2650/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, titular do DNI nºX, con enderezo a efectos de notificación en X, para cambio de material de cubrición en galpón existente sito no referido lugar (referencia catastral), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada pola arquitecta técnica X de data abril de 2016. O presuposto de execución material ascende a setecentos cincuenta e dous euros con quince céntimos (752,15 €).	

<b>Expediente 2563/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>
---

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2563/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, para remate de cerramento e reparación de pavimento sito no X, de conformidade coa documentación presentada (referencia catastral nº X). O presuposto de execución das obras ascende a mil cento vinte euros con cincuenta céntimos (1.120,50 €).	

<b>Expediente 2326/2018. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2326/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en X, para cerramento de parcela sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data maio de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil cento noventa e sete euros con catorce céntimos (2.197,14 €).	

<b>Expediente 2176/2018. Comunicación previa de apertura de actividade inocua</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2176/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por X, con enderezo a efectos de notificacións en Baixada X, titular do DNI nºX, para inicio de actividade de pensión de dúas estrelas na Praza do Arco, nº X(referencia catastral), segundo o informe favorable da arquitecta de data 29 de maio de 2018. As obras autorizáronse por licenza de obras nº 24.664 o 19 de decembro de 2016.	

<b>Expediente 3868/2017. Comunicación previa de apertura de actividade inocua</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 3868/2017.- Dase conta da comunicación previa de actividade presentada por "VJ MAINTENANCE FACILITY SERVICES SL", con enderezo a efectos de notificacións na X, titular do CIF nº X, para a instalación de oficinas no local sito na Avda. Méndez Núñez, nº X (referencia catastral), vista a visita de comprobación favorable realizada polo arquitecto de data 29 de maio de 2018.	

<b>Expediente 2387/2018. Expediente de disciplina urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



[37][38][39][40][41][42] Visto a proposta da Alcaldía de data 31.05.2018, referente a expediente de protección da legalidade urbanística incoado por construcións realizadas na estación de autobuses e que é como segue:

*"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal no lugar de estación de autobuses, consistentes en: instalación de barreiras de acceso á estación de autobuses con licenza denegada nº 23139-A.*

*Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 12 de outubro de 2012 ha de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.*

*Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: 'TRANSPORTES LA UNIÓN, SA', promotora.*

*Considerando que os feitos anteriormente expostos son constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 217 da 9/2002, de ordenación urbanística e protección do solo rural de Galicia.*

*Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.*

*Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a 'TRANSPORTES LA UNIÓN SA', por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.*

*SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a X, sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.*



*CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.*

*QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

*SEXTO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.*

*SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente”.*

**Expediente 7746/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[43][44][45][46][47]Primeiro.- Non recoñecer a devolución do aval bancario por importe de catro mil cento corenta e cinco euros con vinte céntimos (4.145,20 €), depositado por X, no expediente de licenza de obra nº 22.029, xa que para iso deberá transcorrer un ano desde a concesión da licenza de primeira ocupación.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

**Expediente 1578/2018. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[48][49][50]Primeiro.- Non recoñecer a devolución do aval bancario por importe de mil noventa e dous euros (1.092,00 €), depositado por X, no expediente de licenza de obra nº 23.725, xa que para iso deberá transcorrer un ano desde a concesión da licenza de primeira ocupación.

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado.

**Expediente 2490/2018. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobación do**



**proxeito para presentación na Deputación Provincial polas remanentes do Plan concellos 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimen  
to

[51][52][53][54]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 31.05.2018 da concelleira de obras e servizos, para aprobación do proxecto a presentara na Deputación Provincial de Pontevedra polas remanentes do Plan de Concellos 2017, que é como segue:

*"Vista que as seguintes adxudicacións dos proxectos con cargo ao Plan de Concellos 2017-Liña 1-Investmentos da Deputación Provincial de Pontevedra:*

Denominación do proxecto LIÑA 1-investmentos 2017	Importe proxecto	total
	Importe adxudicado	Remanente
Documento técnico nova capa rodadura en vieiros municipais	220.789,31 € 121.440,49 99.348,82	
Memoria valorada adquisición de rozadora de brazo con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias	21.767,90 € 21.767,90 €	
Adquisición de vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns públicos	21.719,50 € 21.719,50 €	
Rehabilitación da casa dos pobres, Darbo-Cangas	53.837,59 € 47.377,08 6.460,51	
Proxeito de reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires	57.863,03 € 57.863,03 €	
Proxeito de restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires	20.961,41 20.961,41	
Urbanización rúa Rosalía de Castro	36.905,17 36.443,86 461,31	
Adecuación á normativa dos parques infantís do Concello de Cangas	60.477,63 60.368,72 108,91	
Humanización rúas Baiona e Méndez Núñez	151.802,90 151.802,90	
Memoria valorada arranxos cuberta Praza de Abastos	43.197,00 € 43.067,12 129,88	
Ampliación de espazos de xogo en zonas de lecer	20.000,01 € 19.923,63 60,06	
Cinco mini puntos limpos nas parroquias de Cangas.	20.000,00	





Suma remanente	106.569,49
----------------	------------

*Visto que a remanente no total das adxudicacións ascende a cento seis mil cincocentos sesenta e nove euros con corenta e nove céntimos (106.569,49 €).*

*Visto o proxecto elaborado pola arquitecta técnica municipal, X, denominado 'DOCUMENTO TÉCNICO PAVIMENTACIÓN RUA ATENAS 2014 E CAMIÑO VERÍN COIRO-CANGAS', polo importe total de cento seis mil cincocentos sesenta e nove euros con corenta e nove céntimos (106.569,49 €).*

*Propoño á Xunta de Goberno Local:*

*1.- Aprobación do proxecto 'Documento técnico pavimentación rúa Atenas 2014 e camiño de Verín, polo importe de cento seis mil cincocentos sesenta e nove euros con corenta e catro céntimos (106.569,44 €).*

*2.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra a aplicación da baixa do Plan Concellos 2017-liña 1-investmentos, para a execución da obra denominada 'Nova capa de rodadura en vieiros de Darbo, Aldán e O Hío, polo importe de cento seis mil cincocentos sesenta e nove euros con corenta e catro céntimos (106.569,44 €).*

*3.- Declarar que non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para este proxecto que se aproba.*

*4.-Trasladar este proxecto á Deputación Provincial de Pontevedra xunto cos impresos correspondentes ao Plan Concellos 2017".*

**Expediente 2689/2018. Proposta do concelleiro de ensino e deportes para actualización do Regulamento das taxas do Conservatorio e da Escola de Música para o curso 2017-2018**

<b>Non hai acordo</b>	<b>Motivo:</b> Falta de tempo
-----------------------	-------------------------------

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

**Expediente 4828/2017. Proposta da Alcaldía para aprobación de bases de selección de 1 auxiliar administrativo funcionario interino**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
------------------	---

*[[55]][56]][57]A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 31.05.2018 da Alcaldía, referente a convocatoria e bases do proceso selectivo de 1 auxiliar administrativo funcionario interino con previsión de lista de agarda, que di o seguinte:*

*"O Concello de Cangas ven reducindo o seu cadro de persoal progresivamente desde hai anos, motivo polo que as posibilidades de cubrir as diferentes necesidades que se xeran no posto de auxiliar administrativo foron paulatinamente véndose dificultadas ata o momento*





*actual en que non resulta posible a cobertura deste tipo de prazas co persoal existente. Por tal motivo foi incluída a praza obxecto de convocatoria na oferta de emprego público do ano 2017, pero en tanto non se procede a súa cobertura definitiva considérase oportuna cubrir esta temporalmente por mor das necesidades urxentes existentes na actualidade no Concello e igualmente tendo en conta estas necesidades é obrigado que o proceso selectivo que se convoca conte coa previsión dun listado de agarda que permita coberturas áxiles cando se produzan novas necesidades.*

*Vista a necesidade exposta iniciouse o presente expediente dirixido á cobertura da praza indicada como funcionario/funcionaria interino/interina de unha praza de auxiliar administrativo clasificada dentro da escala de administración xeral, subescala auxiliar administrativo posto de traballo auxiliar administrativo (grupo C, subgrupo C2, nivel 16), das vacantes existentes na actualidade no cadro de persoal e está incluída na oferta de emprego público do ano 2017, en tanto non se produce a súa cobertura definitiva estimando que se trata dun caso excepcional, dirixido a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable e que reúne as condicións establecidas no artigo 23.2.a da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, de aplicación no presente caso, por tratarse de vacantes con dotación orzamentaria que non é posible cubrir co persoal funcionario de carreira.*

*Tomando en consideración o anteriormente exposto en exercicio das competencias que lle outorga a esta Alcaldía a lexislación vixente, en particular o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Vista a existencia de crédito, da que queda constancia no expediente para acometer a contratación mencionada.*

*Vistos os informes de intervención de data 20.04.2018 e de Secretaría de data 07.05.2018, que figuran incorporados ao expediente respecto aos que cómpre poñer de manifesto para quede acreditación suficiente no expediente que as necesidades urxentes e inaprazables da cobertura da praza que se convoca veñen motivadas, como máis arriba se ten exposto pola paulatina redución de auxiliares administrativos por mor do plan de axuste ao que está sometido o Concello de Cangas, que se basea entre outros aspectos, como sinala o interventor no seu informe, na amortización de prazas, sen a elaboración paralela dun plan para cubrir os servizos. Neste momento e segundo trasladan desde os diferentes servizos a esta Alcaldía o préstamo de libros na Biblioteca Central na quenda de tarde está comprometido por falta de persoal, igualmente está comprometida a xestión na tramitación de expedientes sancionadores na policía local e a atención ao público neste servizo, isto sen mencionar os problemas para a cobertura dos postos de auxiliar administrativo e polo tanto da prestación das funcións que se desenvolven nestes en supostos de ausencias como por exemplo no rexistro de entrada, por mor da xubilación da funcionaria ocorrida ao remate de 2017. Dito o que antecede entendemos que está plenamente xustificada a urxente e inaprazable necesidade da presente convocatoria, en aras dunha prestación adecuada dos servizos á cidadanía que se estaría comprometendo de non acometer esta convocatoria.*

*Por outra banda en canto aos incumprimentos procedimentais sinalados pola Secretaría no seu informe, cómpre sinalar que os requisitos aos que fai referencia como o relativo a publicidade da convocatoria ou a designación previa do tribunal só están predeterminados normativamente respecto a selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, pero non para os supostos de convocatorias para seleccionar funcionarios interinos e persoal laboral temporal. Respecto dos funcionarios interinos cómpre recordar que a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia prevé expresamente no seu artigo 24.1), que a*



*selección deste tipo de persoal se realizará mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrència. De seguir os requisitos formais sinalados para a ocupación das prazas en propiedade seguindo o patrón dos procesos selectivos dos funcionarios de carreira se estaría a desvirtuar a axilidade mencionada e a mesma posibilidade de nomeamento de persoal funcionario interino de acordo co previsto no apartado a) do artigo 23.2. da Lei 2/2015, aquí invocado polos motivos de urxencia expostos. Recordar ademais, que sen prexuízo da regra xeral, en determinados casos excepcionais pode aceptarse un medio de publicidade distinto, máis atenuado, cando isto veña xustificado por razóns de urxencia e para garantir as necesidades do servizo, como afirma a Sentenza do TSX Castilla A Mancha de 2 de maio de 2002.*

*Visto que a competencia para aprobar as bases de selección de persoal corresponde á Xunta de Goberno Local en función da delegación realizada por acordo do Concello Pleno de data 02.07.2015.*

*En consideración ao anteriormente exposto traslado á Xunta de Goberno Local para a súa aprobación a seguinte:*

#### **PROPOSTA**

*PRIMEIRO.- Aprobar as bases para a selección e posterior contratación de 1 auxiliar administrativo funcionario/funcionaria interino/interina clasificada dentro da escala de administración xeral subescala auxiliar administrativo, posto de traballo auxiliar administrativo (grupo C subgrupo C2 nivel 16) con previsión de bolsa de substitucións, bases que literalmente din:*

**“BASES PARA A SELECCIÓN E COBERTURA DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO EN RÉXIME DE FUNCIONARIO INTERINO CON PREVISIÓN DE BOLSA DE SUBSTITUCIÓN**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO, RÉXIME APLICABLE E SISTEMA DE SELECCIÓN**

*O obxecto das presentes bases e a selección e posterior nomeamento como funcionario/funcionaria interino/interina de unha praza de auxiliar administrativo clasificada dentro da escala de administración xeral subescala auxiliar administrativo, posto de traballo auxiliar administrativo (grupo C subgrupo C2 nivel 16), das vacantes existentes na actualidade no cadro de persoal e está incluída na oferta de emprego público do ano 2017, en tanto non se produce a súa cobertura definitiva estimando que se trata dun caso excepcional, para cubrir unha necesidade urxente e inaprazable e que reúne as condicións establecidas no artigo 23.2.a) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, de aplicación no presente caso, por tratarse de vacantes con dotación orzamentaria que non é posible cubrir co persoal funcionario de carreira.*

*O sistema de selección será o de oposición libre.*

*Cos aspirantes que tendo superado o proceso selectivo e pola nota final non acadasen praza, confeccionarase un listado para cubrir as baixas ou renuncias que se puideran producir entre o persoal que resultase seleccionado, así como, para cubrir as necesidades temporais de auxiliares administrativos do Concello de Cangas nos supostos previstos no citado artigo 23.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.*



## SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público, no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e con carácter complementario na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, publicando un anuncio da convocatoria no BOP de Pontevedra. O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

De presentarse reclamacións ás bases no período indicado –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución destas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello será igualmente o medio para dar publicidade a todas as notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

## TERCEIRA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES

Para seren admitidos/admitidas os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Ter satisfeito as taxas por dereitos de exame. Segundo o establecido na ordenanza fiscal municipal correspondente a cantidade a aboar son oito euros con cincuenta e dous céntimos (8,52 €), (deberá facerse previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello). A ausencia de aboamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/da aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.



**CUARTA.– SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN DESTAS**

*As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar presentando a instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Cangas, que deberá ser entregada no rexistro de xeral de entrada do Concello de Cangas, no prazo de vinte días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no boletín oficial da provincia e en horario de atención ao público.*

*A presentación de solicitudes poderá facerse en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.*

*Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax ao nº 986304850 ou por correo electrónico ao enderezo electrónico: xuridico@cangas.gal, unha copia da instancia na que figure a data de presentación no rexistro correspondente con anterioridade ao remate do prazo, para os efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/admitidas.*

*Estas solicitudes obrigatoriamente deberán presentarse no modelo oficial que achega ás presentes bases como anexo e na que se inclúe a declaración de cumprimento dos requisitos indicados na base terceira.*

*Dita solicitude, asinada polo interesado, irá achegada da seguinte documentación:*

- Fotocopia do DNI ou NIE.
- Xustificante acreditativo do pago das taxas (base oitava).

*A non presentación da instancia asinada ou dos documentos anteriores será motivo de exclusión.*

*Por outra banda para os efectos de quedar exento da realización do segundo exercicio da fase de oposición obtendo a cualificación de apto, os aspirantes que o desexen deberán presentar o título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega–nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación. Esta presentación realizarase preferentemente xunto coa solicitude de participación se ben o tribunal de selección poderá admitir o documento citado en calquera momento anterior a realización da proba de coñecemento da lingua galega.*

*Toda a documentación aportada deberá presentarse cotexada co orixinal.*

*Os/as aspirantes quedan vinculados/vinculadas aos datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en*



*calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.*

*Ao final do proceso selectivo o/a aspirantes seleccionado/seleccionada deberá acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos da convocatoria sen prexuízo da posibilidade de requirir a calquera aspirante presentado durante o proceso para que acredite o cumprimento deses requisitos.*

#### **QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

*Finalizado o prazo de presentación de instancias, a presidencia da corporación aprobará a lista provisional de admitidos/admitidas e excluídos/excluídas, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión, o que será exposto no taboleiro de anuncios deste Concello. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación para poder emendar, no seu caso o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamación, ditarase nova resolución estimándoas ou desestimándoas o que se fará público, igualmente no taboleiro de anuncios do Concello.*

*O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comprobase que o/a aspirante carece deses requisitos malia figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.*

#### **SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR**

*O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en todas as súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.*

*Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación coa esixida aos aspirantes á praza convocada e terán voz e voto.*

*Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra neles algunha circunstancia provista no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do tribunal cando nestes conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.*

*A composición efectiva do tribunal, así como a data das probas farase pública no taboleiro de anuncios do Concello (<http://cangas.sedelectronica.gal/board/>) e na páxina web do concello (<http://cangas.gal/>), integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.*

*O tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas*





*especialidades técnicas. Igualmente poderá requirir a asistencia de colaboradores que actuarán sen voz e sen voto durante o proceso de selección para realizar tarefas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas deste.*

#### **SÉTIMA.– FORMA DE DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DA OPOSICIÓN E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN**

*A oposición consistirá na realización dos tres exercicios que a seguir se relacionan aos que se accederá previo chamamento único para a realización de cada proba:*

##### **PRIMEIRO EXERCICIO**

*De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Os aspirantes serán convocados para a realización dunha proba tipo test no día, hora e lugar que se estableza na resolución na que se publique o listado provisional de admitidos e excluídos.*

*Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario de 50 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario reproducido a continuación. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada e as preguntas non contestadas non se puntuarán.*

*Esta proba cualificarase cunha puntuación de cero (0) a cincuenta (50) puntos sendo necesario obter unha puntuación mínima de vinte e cinco (25) puntos para superar a proba.*

*Sen prexuízo do anterior o órgano de selección, trala análise do número e nivel de coñecementos dos aspirantes presentados, poderá establecer unha puntuación mínima ou nota de corte para superar este exercicio, puntuación que en ningún caso poderá ser inferior a vinte e cinco puntos. O acordo que se adopte ao respecto deberá ser publicado e constará na correspondente acta, debendo ser igualmente os aspirantes informados de tal extremo.*

##### **TEMARIO**

**TEMA 1.- A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA DE 1978: PRINCIPIOS XERAIS E ESTRUCTURA.**

**TEMA 2.- A ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO ESTADO. O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA. PRINCIPIOS XERAIS E ANÁLISE DO SEU CONTIDO.**

**TEMA 3.- O CONCEPTO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. A ADMINISTRACIÓN LOCAL.**

**TEMA 4.- O MUNICIPIO: CONCEPTO, ELEMENTOS E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVAS).**

**TEMA 5.- O ACTO ADMINISTRATIVO. CONCEPTO. REQUISITOS: MOTIVACIÓN E FORMA. A EFICACIA. A NOTIFICACIÓN.**

**TEMA 6.- O PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO; INICIACIÓN. ORDENACIÓN E INSTRUCIÓN. A TERMINACIÓN: A OBRIGA DE RESOLVER. A FALTA DE RESOLUCIÓN EXPRESA: O RÉXIME DO SILENCIO ADMINISTRATIVO.**

**TEMA 7.- PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA: EFICACIA,**



**Concello de Cangas**

*XERARQUÍA, DESCENTRALIZACIÓN, DESCONCENTRACIÓN E COORDINACIÓN. SOMETEMENTO DA ADMINISTRACIÓN Á LEI E AO DEREITO.*

*TEMA 8.- DEREITOS E DEBERES DOS EMPREGADOS PÚBLICOS LOCAIS. FALTAS E SANCIONS. O PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO. NORMATIVA XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.*

*TEMA 9.- ORDENANZAS E REGULAMENTOS DAS ENTIDADES LOCAIS. CLASES. PROCEDEMENTO DE ELABORACIÓN E APROBACIÓN.*

*TEMA 10.- FACENDAS LOCAIS: CLASIFICACIÓN DOS INGRESOS. ORDENANZAS FISCAIS: RÉXIME XURÍDICO DO GASTO PÚBLICO LOCAL. OS ORZAMENTOS LOCAIS.*

*TEMA 11.- O TERMO MUNICIPAL DE CANGAS: PARROQUIAS, LUGARES E RÚAS. AS DEPENDENCIAS E INSTALACIONS DO CONCELLO DE CANGAS: DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN.*

*TEMA 12.- A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.*

### **SEGUNDO EXERCICIO**

*De carácter obrigatorio e eliminatorio.*

*Os/as aspirantes que superaran o primeiro exercicio serán convocados/as no día, hora e lugar que sinale o Tribunal para a realización do segundo exercicio que consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos windows, linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet nos ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Cualificarase a limpeza e exactitude das tarefas realizadas e a corrección que presente as mesmas, de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o dito órgano antes de iniciarse o exercicio.*

*O tempo de realización da proba será establecido polo tribunal ao inicio da proba en atención á súa natureza.*

*A puntuación máxima nesta proba será de 50 puntos sendo necesario obter un mínimo de 25 puntos para entender superada esta.*

### **TERCEIRO EXERCICIO**

*Os/as aspirantes que teñan superado a proba práctica anterior serán convocados no día, hora e lugar que sinale o tribunal para a realización dunha proba de coñecemento da lingua galega de carácter non eliminatorio que consistirá na tradución dun texto seleccionado polo tribunal de castelán a galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercicio será de apto ou non apto. Terá carácter eliminatorio e será obrigatoria a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditaran con antelación a realización da proba estar en posesión do título acreditativo de estar en posesión do certificado en lingua galega–nivel 2 (CELGA 2) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de lingua galega de iniciación.*

*OITAVA.- CUALIFICACIÓN, PROPOSTA E NOMEAMENTO*

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*Rematado o proceso de selección, o tribunal determinará a cualificación final do proceso. Esta será a suma da puntuacións obtidas nas probas da oposición.*

*No suposto de empate na cualificación final de dous ou máis aspirantes, este resolverase atendendo en primeiro lugar a favor do/da aspirante que obtivera maior puntuación na proba test, en segundo lugar de persistir desfarase por sorteo entre os/as aspirantes empatados/empatadas.*

*A continuación, o tribunal fará público o resultado do proceso e elevará á Alcaldía a correspondente proposta de nomeamento que inclúa o/a aspirante proposto/proposta para ser nomeado/nomeada funcionario/funcionaria interino/interina. Ademais propondrá aos aspirantes propostos para integrar o listado de substitucións do persoal seleccionado que estará constituído por aqueles aspirantes que tendo superado a puntuación mínima non obtivesen praza por orde de puntuación.*

*O Concello de Cangas procederá ao nomeamento como funcionario/funcionaria interino/interina do/da candidato/candidata que obtivera a maior puntuación en función do número de prazas ofertadas especificadas nesta convocatoria, previa presentación da documentación acreditativa dos requisitos establecidos na base terceira.*

#### **NOVENA.- LISTA DE AGARDA**

*O tribunal incluirá na súa proposta unha lista de agarda para que será utilizado para cubrir as posibles baixas ou renuncias dos aspirantes designados para o seu nomeamento, así como para as novas necesidades de nomeamento de prazas de auxiliar administrativo como funcionario interino nos supostos previstos no artigo 23.2 da lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Este listado estará ordenado exclusivamente pola puntuación resultado do proceso selectivo.*

*Os chamamentos do listado que se deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.*

*A renuncia inxustificada ao chamamento suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmentemente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a súa orde. A imposibilidade de contactar co interesado suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repete en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista.*

*O chamamento efectuarase seguindo a orde do listado aprobado. De tal xeito que só se pasará á seguinte persoa do listado de concorrer máis de un nomeamento ou cada vez que a persoa chamada teña prestado servizos por este listado un mínimo de seis meses.*

*Este chamamento efectuarase dun xeito que permita deixar constancia da recepción deste.*

*En situacións de urxencia poderá facerse un chamamento telefónico, facendo ata dúas tentativas, no teléfono que fagan constar na instancia de participación, o teléfono citado poderá ser modificado posteriormente comunicándoo ao Negociado de Persoal. De resultar infrutuosas ambas chamadas pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior.*





*As persoas integrantes da lista deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para o seu nomeamento considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique.*

**DÉCIMA.– INTERPRETACIÓN DAS BASES**

*As presentes bases vinculan á administración local convocante, ao tribunal cualificador e aos aspirantes que participen no proceso.*

*O tribunal cualificador queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que xurdan na aplicación das presentes bases, podendo adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.*

**UNDÉCIMA. – NORMA FINAL**

*A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/interesadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais conforme co previsto na mencionada Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

**ANEXO I.- MODELO DE INSTANCIA**

**INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO PARA O CONCELLO DE CANGAS.**

**APELIDOS, NOME:**

**DNI:**

**TELÉFONO:**

**ENDEREZO ELECTRÓNICO:**

**ENDEREZO:**

*Solicita ser incluído/incluída na relación de aspirantes admitidos no proceso selectivo para a cobertura dunha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO convocado polo Concello de Cangas.*

*Por medio do presente declara que non se atopa incurso/incursa en ningunha causa de*



*incompatibilidade ou incapacidade que determine a lexislación vixente, non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas e que cumpre todos os requisitos esixidos na convocatoria (en particular os expostos na base terceira) e que non foi separado/separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Comprometéndome a achegar a certificación negativa do Rexistro central de delinquentes sexuais previsto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado no caso de resultar preciso.*

Cangas, de de 2018

Asdo. : .....

**DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR XUNTO Á PRESENTE SOLICITUDE:**

- A presente instancia, debidamente cuberta e asinada.
- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación esixida.
- Xustificante acreditativo do pago das taxas.
- No seu caso, documentación acreditativa título exención exame galego".

SEGUNDO.- Convocar o proceso selectivo mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata que se proceda ao nomeamento previsto nas bases.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas.

**Expediente 2233/2017. X-16/18. Dación de conta de Sentenza nº 189/2018 ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[58][59][60][61]A Xunta de Goberno Local queda informada da proposta da Alcaldía de data 28.05.2018, referente a dación de conta da Sentenza nº 189/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que é como segue:

*"Vista a sentenza nº 120/2017 ditada o día 19.06.2017 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra, no procedemento abreviado nº 366/2016 instruído a instancia de Martín Piñeiro Chapela contra o Concello de Cangas en reclamación de diferenzas salariais.*

*Visto o contido do fallo da citada sentenza que literalmente di:*

*'Que debo estimar e estimo a demanda formulada polo letrado Sr. Costas Coya, en representación de Martín Piñeiro Chapela contra a resolución desestimatoria por silencio administrativo do Concello de Cangas, da reclamación formulada*



*polo recorrente en data 20.09.2016 de aboamento de diferenza do complemento específico, que anulo, por non estimala conforme a dereito, recoñecendo o dereito do recorrente ao seu aboamento desde que o deixou de percibir nas súas nóminas, con imposición das custas procesais á administración demandada'.*

*Visto que contra a sentenza nº 120/2017, o Concello de Cangas presentou recurso de apelación nº 344/2017, no que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou o día 11.04.2018, a sentenza nº 189/2018 cuxo fallo dispón:*

*'A Sala decidiu ESTIMAR o recurso de apelación interposto pola representación legal do Concello de Cangas fronte á sentenza que o Xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra dictou no procedemento abreviado nº 366/16, con data 19 de xuño de 2017 que, SE REVOCA.*

*No seu lugar, desestimamos o recurso contencioso-administrativo presentado por Martín Piñeiro Chapela contra a resolución desestimatoria por silencio administrativo do Concello de Cangas, da reclamación formulada polo recorrente en data 20.09.2016 de aboamento de diferenza de complemento específico que se confirma; sen imposición de costas'.*

*Polo exposto e de acordo coas facultades que o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local me confire en materia de accións administrativas, xudiciais e defensa dos procedementos incoados contra o Concello, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

#### ACORDO

*PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 189/2018 ditada o día 11.04.2018 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 344/2017 interposto polo Concello de Cangas contra a sentenza nº 120/2017 de data 19.06.2017 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento abreviado nº 366/2016.*

*SEGUNDO.- Dar traslado da citada sentenza ao departamento de nóminas co fin de que dea cumprimento a esta aplicando as correccións que correspondan na nómina do traballador municipal Martín Piñeiro Chapela.*

*TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, persoal e apoio xurídico".*

**Expediente 824/2018. Aprobación do expediente C-18/02. Servizo de produción e infraestruturas Festas do Cristo 2018 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



[[62]][63][64] Dada conta da proposta de Alcaldía de 04.06.2018, para aprobación do expediente de contratación do servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018, que é como segue:

“Visto o acordo da Xunta de Goberno Local realizada en sesión ordinaria do día 07.05.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo do servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018.

Visto que polo departamento de apoio xurídico se incorporou ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e os departamentos de cultura, xuventude e servizos eléctricos incorporaron os respectivos pregos de prescricións técnicas de cada lote e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría e intervención.

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación do servizo integral de produción e infraestruturas para as Festas do Cristo 2018, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias: lote 1 338-22699 e 330-22799; lote 2 338-22699; e lote 3 338-22699.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención.

**Expediente 7662/2017. Proposta da concelleira de obras e servizos para aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto “Nova capa de rodadura en vieiros Darbo, Aldán e o Hío” (Remanente POS 2016) (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentime  
nto

[[65]][66][67][68] A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 04.06.2018 da concelleira de obras e servizos referente a aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto "NOVA CAPA DE RODADURA EN VIEIROS MUNICIPAIS DARBO, ALDÁN E O HÍO" (Remanente POS 2016), que é como segue:

*1º.- Visto que a empresa 'Nemesio Ordóñez SA' (NOSA), adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción (BOE 25-10-1997).*

*1º.- Visto o informe da arquitecta técnica municipal CGC, que indica: 'o mencionado plan*



Concello de Cangas

*axústase ao estipulado na lexislación vixente e polo tanto a técnica que o subscribe, informa FAVORABLEMENTE e propón a súa aprobación'.*

*2º.- Vista a necesidade de aprobación do plan de seguridade e saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.*

*Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*1.- Aprobar o plan de seguridade e saúde do proxecto "Nova capa de rodadura en vieiros Darbo, Aldán e O Hío (Remanente POS 2016)".*

#### **Expediente 1075/2018. Prestación do servizo de axuda a domicilio (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

[69][70][71] Vista a solicitude de ampliación do servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

\* CONCEDERLLE a M.C.F.M., con DNI N° X e expediente n° X, a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrencia e de acordo cos seguintes detalles:

##### Prestacións:

- \* Atencións de carácter persoal
- \* Atencións de carácter psicosocial
- \* Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: cincocentos setenta e seis euros (576,00 €) (doce euros con oitenta céntimos (12,80 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e sete euros con sesenta céntimos (57,60 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 4 de xuño de 2018 (valórase urxente a efectividade inmediata da ampliación do servizo pola alta hospitalaria da usuaria nunha situación de grande dependencia).

#### **Expediente 1094/2018. Aprobación do expediente de contratación do servizo de execución do proxecto "Redescubrido as paisaxes de Berobreo" (urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



[72][73][74] Vista a proposta da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local de data 04.06.2018.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local realizada en sesión ordinaria do día 05.03.2018, polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo do servizo de execución do proxecto “Redescubriendo as paisaxes de Berobreo”, financiada mediante unha axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito de data 03.05.2017, con cargo á aplicación orzamentaria 2017 / 0 / 432 / 609 / 01 (número de asentamento 003099).

Visto que polo departamento de apoio xurídico se incorporou ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría e intervención.

A Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación do servizo de execución do proxecto “Redescubriendo as paisaxes de Berobreo”, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 336-619 do vixente orzamento municipal.

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

**CUARTO.-** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención.

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**